

TEMPOS NOVOS

—
revista mensual de información e opinión para o debate
—

n° 262

—
marzo 19
—

6 €

Imaxe Heleen Peeters



A Galicia feminista **MULLERES CON CAUSA**



ENTREVISTAS

María Xosé Agra e Remedios Zafra

Dúas recoñecidas investigadoras e activistas feministas reivindicán en dúas entrevistas o carácter político do movemento, e denuncian a precarización dos traballos feminizados, os culturais e os de coidados.

SOCIEDADE

Elisa e Marcela: amigas e amantes

Para quen desvelou os avatares vitais destas dúas mestras galegas, Narciso de Gabriel, cabe unha reflexión desde o feminismo para mellor entender o alcance e a significación desta historia de amor e represión.

CULTURA

Seis mulleres, cinco ensaios

Son o fenómeno editorial do ano: Carme Adán, Amada Traba/Chis Oliveira, María Xosé Queizán, Marga Tojo e Inma L. Silva, que denuncia nunha entrevista o machismo que opera na nosa cultura. Asinan cinco ensaios feministas.

En Destaque

ENTREVISTA

María Xosé Agra


CATEDRÁTICA DE FILOSOFÍA MORAL E POLÍTICA,
EXPERTA EN TEORÍA CRÍTICA FEMINISTA

T
en destaque

“O FEMINISMO NON É UN CADERNO DE QUEIXAS, SENÓN DE REIVINDICACIÓNS POLÍTICAS”

Texto Luís Villamor Fotos Fernando de Paz

O feminismo constitúe xa unha achega intelectual inequívoca sobre a que aínda se deixa caer ás veces a lousa da ingratidade. Nestes parámetros móvese a catedrática de Filosofía da USC, María Xosé Agra, integrante da sección de *Pensamento* do Consello da Cultura Galega, e anteriormente coordinadora da de Xénero. Teima contra as reticencias a recoñecer este “saber lexítimo” e ten claro que cando falamos de feminismo non estamos a facelo dun “caderno de queixas”, senón de “reivindicacións políticas”. O rol de empresarios e sindicatos, o patriarcado, a cultura, o 8-M e a prostitución constitúen os alicerces desta entrevista.



Catedrática de Filosofía Moral e Política da USC, María Xosé Agra bebe de autoras como Susan Moller Okin, Iris Marion Young o Judith Butler, que teñen marcado a orientación dos seus traballos, no que fai á orixe dos desequilibrios sociais. Entre as súas achegas bibliográficas figuran "*¿Olvidar a Clitemnestra? Sobre justicia e igualdad*", *Corpo de muller: discurso, poder, cultura* (editora), *Ecología y feminismo* (compiladora), *Del sexo y del género: epistemología y política*, ou a obra *Feminismo y filosofía*, na que comparte autoría con Celia Amorós. Presidiu a sección de Xénero no Consello da Cultura Galega, institución na que agora forma parte da sección de Pensamento.

Membro ou membra do Consello da Cultura Galega? A linguaxe pode mudar e, aínda que nos soe mal, membra cabería, pero tampouco fago cuestión disto. Poderíamos buscar un vocabulario que non estea marcado dende o punto de vista dunha linguaxe sexista.

Institucións como o Banco Mundial ou o FMI e empresas apoian cuestións de xénero, mais adoitan obviar o movemento feminista. Que lle parece? O feminismo ten varias ondas, dependendo do contexto histórico. A partir da Revolución Francesa é cando as mulleres comezan as vindicacións. Non as queixas, que sempre as houbo. Velaí as reclamacións de Christine de Pisan e outras. Ou tamén as que se fixeron pouco antes desa Revolución Francesa. Eis o feminismo non como un caderno de queixas, senón de reivindicacións políticas. E a segunda onda coincide coa declaración sufraxista de Seneca Falls (Nova York). Aquí vemos como as mulleres demandan e reivindicán aquilo do que carecen e, ao tempo, recoñécense como tales. Isto vai unido á idea de que aparece como un movemento social e político.

A declaración de Seneca Falls, de mediados do XIX, supuxo loitar contra a idea de non poder exercer o voto nin ocupar cargos públicos...

Denuncian as inxustizas que se cometen en función do sexo-xénero, diríamos hoxe. E na Revolución fálase do sexo. E como isto tamén mudou, agora fala todo o mundo de xénero, pero dunha forma mal empregada, porque se fai unha identificación de xénero con mulleres. E este, nin é nin debe ser o sentido.

Hai, xa que logo, unha perversión conceptual?

Si, e no concepto de igualdade. Porque é político, como o de liberdade e fraternidade. Se ves que hai un congreso que introduce a palabra igualdade, todo o mundo pensa que é só cousa de mulleres. Non de igualdade como concepto político, que debe formar parte da nosa formación.

En Destaque

A importancia das palabras... Si. A súa utilización é importante. Como o foi a loita polas cotas. E as medidas que se foron tomando para que logo poidamos preguntarnos por que grandes empresas ou bancos teñen apoiado. E téñeno feito utilizando *xénero*, mais había que determinar a que se estaban referindo. E non só foron as cotas, senón a loita pola introdución de mecanismos correctores de discriminación positiva. Isto vai alterar algo as cousas: por exemplo, que non sigamos coa horrorosa foto dos presidentes europeos. Pois cantas mulleres hai aí?

Por que se prolonga tanto esta anomalía política, económica e social? Hai redes estruturais formais e estruturas informais que bloquean, e que van rompendo con moita dificultade, froito dun conxunto de anos de loita. O PSOE empezou a debater o tema das cotas a finais dos oitenta, e mire como estamos. O da fenda salarial é escandaloso. Algo tan doado, cuantificable, como iso de *igual traballo, igual salario*, nin sequera se produce.

Por que custa tanto executar o aparentemente obvio? O problema é que o concepto de igualdade é relacional, non comparativo. E sempre se lle di ao feminismo: queredes ser coma homes. E non! Quero que no meu ámbito, se teño unha carreira académica, non teña obstáculos invisibles que me impidan chegar a catedrática ou reitora. Trátase de que tanto homes como mulleres poidan facer o mesmo.

Non entra en xogo tamén neste apartado o principio de oportunidade? Tamén é un concepto relacional. E para que se poidan dar oportunidades temos que superar o problema das sociedades cunha estruturación de sexo-xénero. Podemos ir avanzando un pouquiño, si, pero o fundamental é transformar esas estruturas que dividen e establecen o que é público e privado. Sociedades que nos zugan o tétano nunha época permeada de neoliberalismo, no que todo se traduce en termos individuais, non colectivos.

A cuestión de xénero desligada do feminismo non resulta *ligh*? Non existe, é unha tapadeira. Houbo un avance moi importante no estudo das mulleres, co que se consegue entrar no ámbito do coñecemento, pero non se lexítima. A teoría feminista non é simplemente

unha cuestión de ideoloxía, como tratan de reducir case todos. O feminismo ten conformado un *corpus* teórico, pero seguimos tendo reticencias a admitir que é un saber lexítimo. Presenta problemas falar de teoría feminista e da súa achega, confundindo activismo con produción de coñecemento, por ese nesgo ideolóxico que se lle quere dar. E aproveitan o concepto de xénero, que era belixerante e trataba de superar teoricamente certos problemas, e convérteno nun paraugas que oculta o que realmente quere mostrar: a construción social e política do sexo e do xénero. Son esas consecuencias non previstas do debate sobre o xénero: un concepto fundamental do feminismo que abre a novas formas de enfrontarse aos problemas teóricos e prácticos acaba converténdose en instrumento para frear as teorías feministas.

Algúns falan xa de *purple wash*, de lavado púrpura, dun lavado violeta... No concepto de xénero vese moi ben, porque empezan a aparecer estudos de xénero sobre a muller no barroco, a muller en non sei que, sen entrar no que comporta o debate e teoricamente o concepto de xénero. E segue pasando agora un pouco co transxénero e demais: hai un *batiburrillo*. O de xénero nace da crítica feminista, importado de EUA, fundamentalmente, e tamén ten un problema de tradución para nós. Entón podes ver a confusión que xera, á parte desta usurpación para que non apareza feminismo, o que supón unha forma de deslexitimación dese coñecemento.

Atopámonos de novo coa importancia das palabras? Si. As palabras están cargadas, e teñen unha xenealoxía. E, a de xénero, se se descoñece, leva a auténticas aberracións, que ás veces se escoitan nas noticias.

Cales serían hoxe as bases duras do patriarcado... Hai unha dimensión estrutural básica, económica e de articulación do traballo. As economistas feministas poñen aí o foco: temos que conseguir unha sociedade que se faga cargo dos coidados, traballo que segue a recaer maioritariamente nas mulleres. E organizar as sociedades doutro xeito. E, despois, hai unha violencia sistémica: ser muller. Ir de noite a determinadas horas pola rúa implica o que implica. Non temos a liberdade nin os dereitos que formalmente nos asisten. Isto do



Sempre se lle di ao feminismo: queredes ser coma homes. E non! Quero que no meu ámbito, se teño unha carreira académica, non teña obstáculos invisibles que me impidan chegar a catedrática ou reitora. Trátase de que tanto homes como mulleres poidan facer o mesmo”.

medo non encaixa cunha sociedade que supostamente avanza na igualdade.

Hai xente moi de dereitas que se di feminista. Acredita na transversabilidade ou o feminismo é radicalmente de esquerdas? O feminismo nace dos movementos revolucionarios, pero onde ten máis problemas é xustamente onde xorde. Tívoos na Revolución Francesa, na rusa, na Transición... As mulleres puxeron na axenda temas fundamentais, pero non son recoñecidas. O feminismo nace como movemento social e político transformador, revolucionario. Os seus aliados naturais son os que queren transformar a sociedade. Pero atopámonos sempre con que, unha vez que as mulleres participan na revolución, cando chega o momento, mándanas outra vez para casa.

Mujeres necesitamos vuestra unión, el día que hagamos nuestra grande revolución, decía o cancionero. Reparemos nese 'nuestra'...

Claro... E tamén no debate sobre o voto en España, conseguido grazas a Clara Campoamor. Polo tanto, sobre a transversabilidade, o caldo de cultivo natural é todo o movemento transformador. Pero aí hai dificultades, porque estamos falando de relacións de poder e de organizar a sociedade en igualdade, e o que ten privilexios non quere perdelos. Hai reticencias que rachar, e iso vai máis alá da dereita e da esquerda. O concepto de igualdade é transversal e moitas veces, para a miña sorpresa, hai persoas de dereitas que din o que pensan, son moito máis honestas, e tratan mellor os asuntos, porque marcan a posición. É peor quen che dá unha palmada nas costas e di: 'nena, ti vales moito', pero en realidade estache poñendo todos os obstáculos.

A cuestión do recoñecemento da muller non é merecente dalgunhas puntualizacións? Poñerille

como exemplo o debate maternidade/paternidade. Sempre hai unha lexislación alternativa. E hai que ver como se articula, porque nos están recoñecendo como mulleres e, se queremos ser iguais, por que temos que ser recoñecidas como mulleres?

Pois porque tratamos de buscar a igualdade. Agora ben, fíxese que poden tamén recoñecernos mal. Cando a min, no canto de facelo como profesora universitaria, o fan como muller, estamos diante dun mal recoñecemento. Ou se unha muller está diante dun tribunal de oposición e lle preguntan por cousas que non lles formulan aos seus colegas, estáselle recoñecendo mal.

Que ten mudado dende o 8-M? Chamoume a atención a participación de rapazas novas que, con contundencia, están dispostas a dar a batalla por cambios importantes. Creo que hai determinadas liñas que as mozas non están dispostas a aceptar, veña quen veña ao

En Destaque

gobierno. E sorprendeume esta liña interxeracional. Esa sensación de que hai algo que non se desfai.

O neoliberalismo edulcora o feminismo? Hai un debate teórico sobre o neoliberalismo e o seu intento de asumir o feminismo, pero creo que hai un elemento para destacar, incluso no *Me Tóo*, que é iso de "*Nin unha menos*". Ademais da dimensión máis individual do *Me Tóo*, ese *Nin unha menos* ten un sentido colectivo. É o recoñecemento de que somos un colectivo, que nos reforzamos politicamente. Entón é máis difícil que cale ese discurso [neoliberal].

Que conquistas de xénero salienta dos últimos anos? En España, as leis do aborto e contra a violencia foron moi importantes porque obrigaron a introducir medidas. Así como creo que se fixo pouco no da fenda salarial: *a igual traballo, igual salario*. Os sindicatos miraron para outro lado. Deberan facer autocrítica.

O das listas cremalleira tampouco se cumpre en todos os casos... E que ademais hai un problema: as mulleres non son ás veces suficientes en número. Nos tribunais, cando se esixe unha proporción 60/40, hai moitísimas dificultades. Seguimos tendo moitas doutoras, pero non hai continuidade no ciclo. Precisamos cambios máis estruturais. A independencia económica é fundamental.

Que papel xoga a responsabilidade social do empresariado? Ten unha parte da responsabilidade, pero os sindicatos tamén, e moi importante. A gran maioría dos que negocian os convenios son homes. En moitas cabezas aínda segue a funcionar que o que gaña o salario familiar é o home, e o outro é un complemento. É algo incrustado, que está aí. Nos convenios, se hai que priorizar, priorízase en homes. Negocian eles: son os que están no poder.

Subliñe algúns machismos sutís ... Estes son máis difíciles de atallar, porque dende que me ergo ata que me deito hai tantos, que estar todo o tempo pendente resultaría esgotador. E tampouco podemos caer no exceso de sutileza, que calquera cousa se teña que ler nesa clave. Hai que ter coidado cos chistes, si, pero por

facer unha broma, non pasa nada. Hai que ver cando iso é empregado sistematicamente. Cando se di a catro mulleres: 'que solitas estais', sempre se contestou máis ben con humor e pásase... A min preocúpanme máis eses xestos que non son verbais senón de relación, en espazos moi formais, cos que ves que che queren pasar por diante. Xestos cos que notas que te arrecunchan, que te relegan... E dependen dos egos das persoas. Páreceme ben que se fale de micromachismos, pero se non mudamos as estruturas que realmente os sustentan, é moi difícil superalos. Prefiro concentrar as forzas en ver como podemos cambiar as relacións de traballo.

Ten estudado a Susan Okin nas cuestións da diversidade e identidade cultural. Que aplicación teñen hoxe as súas posicións? Foi moi importante nos anos noventa, porque aparece o debate multicultural, mais ata o 11 de setembro. Esa data supuxo parar toda discusión: aparecen os árabes, os musulmáns. E a confrontación. Occidente contra o mundo islámico. E aí dilúese. Pero se de algo valeu foi para demostrar que o multiculturalismo veu para quedar. E hai un debate interesantísimo que provoca Okin coa súa pregunta: o multiculturalismo é malo para as mulleres?

O que resultara unha auténtica provocación... Si, pero o multiculturalismo veu para quedar. Non temos sociedades homoxéneas. Nin a estadounidense nin a canadense nin a española nin a francesa. Con isto temos que lidar. Cal é o debate importante? O de como categorizamos cultura e identidade. Un dos problemas, e iso o feminismo viuno claro, é traducir precisamente todos eles en termos de identidade cultural. Ou tomar cultura como algo que explica todo. Por outro lado, as sociedades están con migracións, e iso produce intercambio. E como nunca houbo sociedades e culturas separadas totalmente, agás as dalgunhas tribos, hai interaccións. Moitas veces quérese vender que multicultural significa respectar as culturas como se as culturas non tivesen cambios. E este debate do feminismo foi fundamental para demostrar que quen falaba polas culturas eran os imáns, no caso dos musulmáns, ou os rabinos no caso dos xudeus, cun fundamentalismo cada vez maior. Pero quen fala polas mulleres? Por que non falan? Non podemos aceptar que alguén o faga por elas.



Hai un filtrado masculino do discurso... Claro, e cando se van tomar medidas como no caso da ablación, hai que escoitar o que din as mulleres, non os seus xerarcas. Podemos ser solidarios, apoiar, pero non pode haber imposición. As mulleres teñen que xestionar isto.

O mesmo pasaría co uso do veo? Igual. Non podemos pasar dunha imposición a outra. Isto provoca multiculturalismo reactivo, que te fai reafirmar máis na túa cultura, porque estás sendo atacada. E, no caso da ablación, foi importante unha experiencia que está callando en África, na que as mulleres se puxeron de acordo. O problema é que a primeira que dá o paso ten problemas. Isto soluciónase con solidariedade.

Pero en África semella que iso non é tan doado... Neste caso, organizáronse. Estes días lin tamén como, no sector extractivo, as mulleres indíxenas de América se enfrontaron aos homes da súa propia comunidade, porque son eles os que queren traballar e asumir que teñen que ter unha relación distinta. Mudaron os roles.

No tema da prostitución, hai unha corrente abolicionista forte e outra regulatoria. Como enfoca esta cuestión? É un debate que enquista

moito o feminismo. Importante, pero creo que ten que suscitarse en termos desa estrutura de traballo. E distinguindo o que é unha elección persoal, que aí eu non tería ningún problema, do que son aquelas condicións que marcan. Fundamentalmente a trata, que é todo o rede das mafias, nas que están implicados axentes públicos do Estado, narcotráfico... Aí é onde hai que atallar. Logo, na transición, diríamos, poderíamos ver. Eu non son partidaria de medidas prohibicionistas, máis que o necesario. Hai que ver en cada contexto. Estou contra a prostitución, pero o feminismo dos oitenta estaba tamén contra o matrimonio, porque consideraba que era o mesmo esquema. Iso indícanos que temos que ir á estrutura das relacións que se crean. Non a este debate de se estás a favor ou en contra.

Non é branco ou negro? É que non é branco ou negro: están implicados conceptos fundamentais. O que entendemos por dominación, subordinación, por venda do corpo, venda dunha parte do corpo... Problemas moi complexos, que se poden aplicar a outros ámbitos, como o do traballo: manual e intelectual. O problema é que cando o corpo das mulleres está implicado, ten unha sobrecarga brutal. Eu faría máis fincapé nas políticas que vaian contra as tramas de trata, explotación, narcotráfico e contra as redes, para impedir que entren. Muros contra as redes migratorias? Por que non poñen muros contra a trata de mulleres? O que me preocupa é que o debate se conduza así: non es abolicionista, entón defendes a escravitude das mulleres. Non, por favor.

A reacción de Vox no que fai a dereitos ten que ver co 8-M? Vai na onda de radicalización da ideoloxía de xénero. Non só polo 8-M. É unha provocación. En relación cos dereitos das mulleres, tratan de proxectar todo como un asunto de tolas, feministas e mal folladas. E iso cala, como o que se di dos emigrantes, que veñen roubar e non traballar. Saben que hai unha confrontación e queren rendibilizala.